

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA VINTE E DOUS DE MARZO DE 2011, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
Escusa asistencia D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día vinte e dous de marzo de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior


Dáse conta da acta da sesión celebrada o día oito de marzo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 338/11 de dona María del Carmen Santos Álvarez

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Ponte Ulla, solicita licenza para a construción de acometida á rede municipal de saneamento no lugar de Reboredo.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: para a execución da acometida construírse unha arqueta de rexistro pegada á liña de peche e situada na vía pública; o conducto será transversal á rúa dende a arqueta ata o sumidoiro ou preferiblemente ao pozo de rexistro; tanto a arqueta como o conducto terán sección suficiente para permitir o seu correcto funcionamento; á acometida deberán conducir separadamente as augas pluviais e as residuais; o efluente deberá reunir as condicións físico-químicas que se especifican no Regulamento de verquidos municipal; a arqueta deberá ter un deseño e forma que permita a toma de mostras do efluente. Ademais deberá proceder á reposición do pavimento deixandoo nas mesmas condicións nas que se atopaba.



Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaioito euros con tres céntimos (#18,03#)

2.2.- Instancia num. 256/1 de don Jesús Turnes González e dona Magdalena Otero Balado

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en San Fins de Sales, solicitan licenza para proceder á parcelación da finca num. 137, do polígono 2 da concentración parcelaria de Sales -Illobre, situada en Trasariz en solo cualificado no PXOM como solo de expansión de núcleo rural (N-2) e solo rústico de especial protección agropecuaria (R-2), en tres parcelas resultantes, de acordo co proxecto técnico presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Javier Bellet García

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza de parcelación nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas municipais, xa ingresadas na tesoureiría municipal, que ascenden á cantidade de cento oitenta (#180,00#) euros

2.3.- Instancia num. 101/11 de don Manuel Tato Bermúdez


Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para proceder á parcelación da finca 522 de concentración parcelaria de Sales -Illobre, situada en Silvaescura, en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural e solo rústico de protección agropecuaria (R-2), en dúas parcelas resultantes de acordo co proxecto presentado redactado polo arquitecto don Miguel Arce San Juan

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas municipais, xa ingresadas na tesoureiría municipal, que ascenden á cantidade de cento vinte (#120,00#) euros

2.4.- Instancia num. 377/11 de don David Oscar Casal Devesa

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a construción dun cerramento, de aproximadamente 87 mts de lonxitude, con base de bloques, postes e arame, no lugar de Eiravedra, en solo rústico de agrícola (R-2), solo rústico de protección agropecuaria (R-2) e solo rústico de protección forestal (R-3) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 mts de distancia dende o eixe do vial municipal por ser un vial nivel IV en solo rústico; garantirase o natural discorrer das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ao comezo das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima to-



tal do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 0,60 mts

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta e catro euros con trece céntimos (#54,13#).

2.5.- Instancia num. 387/11 de dona M^a. Hermitas Rosario Castro Tato

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Teo, solicita licenza para a construción dunha rampla de acceso á finca no lugar de Noceda -Trobe.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: levaranse a cabo sen que interrompan o natural discorrer das augas, colocando un tubo de sección suficiente para permitir o paso de todas as augas e non inferior a 300 mm de diámetro; non se danará a calzada, debendo deixar o pavimento nas mesmas condicións nas que estaba e a rampla quedará enrasada co vial de maneira que non sobresaia. Ademias deberase colocar unha arqueta de rexistro cada 6,00 mts

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaioito euros con tres céntimos (#18,03#)

2.6.- Instancia num. 359/11 de don Celso Ferreiro Varela

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para a construción dun alboio en Fraíz - Merín, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ao 40% da parcela neta; num. Plantas B. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 mts e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don José M. Pena Alonso cun orzamento de 19.427,71 euros


O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:

1º.- Conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado. Ademais en cumprimento do art. 104 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona.

2º.- Así mesmo e á vista do disposto na lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, acéptase a cesión de vías segundo o disposto na documentación presentada ó efecto (80,79 m²).

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación



provisional, á cantidade de trecentos oitenta e oito euros con cincuenta e cinco céntimos (#388,55#)

2.7.- Instancia num. 360/11 de dona Mercedes Barco Paz

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Trobe, solicita licenza para proceder á parcelación da finca num. 510-3 resultante da parcelación nº 510 de concentración parcelaria de Trobe, situada no lugar de Trobe, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM, en dúas parcelas resultantes, de acordo co proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Juan Carlos Vilariño Santos

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas municipais xa ingresadas na tesoureiría municipal, que ascenden á cantidade de cento vinte (#120,00#) euros

2.8.- Instancia num. 340/11 de don Manuel Fernández Ferro

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para a construción dun alboio de 60 m2 en Xián, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ao 40% da parcela neta; num. Plantas: baixa; altura máxima da cornixa menor a 7,00 mts e un coeficiente inferior a 0,30 m2 de superficie edificable baixo teito por cada m2 de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Brais Vázquez Rey cun orzamento de 10.986,61 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado e de acordo co establecido no artigo 104 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de douscentos dezanove euros con sesenta e tres euros (#219,63#).

2.9. Instancia num. 251/11 de don José Fandiño Martínez

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santiago de Compostela, solicita licenza para proceder á parcelación da parcela num. 40 de concentración parcelaria de San Xián de Sales, situada en Calzande, en solo cualificado no PXOM como de expansión de núcleo rural (N-2), en catro parcelas resultantes segundo o proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Javier Bellet García.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza de parcelación nos termos do proxecto presentado e



aprobar a liquidación das taxas municipais xa ingresadas na tesoureiría municipal, que ascenden á cantidade de douscentos corenta (#240,00#) euros

2.10.- Instancia num. 390/11 de dona M^a. Del Carmen Carrillo López

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Brión, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, consistente en cambiar fiestras e acondicionar a fachada sur, revestíndoa con pedra, situada en Sete -Santa Cruz de Ribadulla, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación, nin afectarán á estrutura da mesma. Ademais en cumprimento do artigo 3 do R.D. 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de noventa e sete euros con sesenta e dous céntimos (#97,62#)

2.11.- Instancia num. 386/11 de don Manuel Torres Vigo

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santiago de Compostela, solicita a concesión dunha prórroga da licenza concedida pola Xunta de Goberno para a rehabilitación da súa vivenda situada en Sete -Santa Cruz de Ribadulla (expte. 2010/006/000010).

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha prórroga de un ano para o remate das obras

3º.- Acordo, se procede, sobre cambio de titularidade de licenza para café-bar e restaurante en Ponte Ulla

Vista a solicitude núm. 57/11 presentada por Ilda González Blanco para transmisión da titularidade da licenza de apertura de establecemento destinado a *café-bar e restaurante* (denominado comercialmente “Casa Ríos), sito no lugar de Ponte Ulla, da parroquia de Ponte Ulla, deste termo,

Considerando que non variaron as condicións obxectivas que determinaron, no seu día, a concesión da licenza con data do 12 de marzo de 1998 e que se cumpren os requisitos que establece o art. 13 do Regulamento de servizos das corporacións locais, de 17 de xuño de 1955.

Visto o disposto polos artigos 24,e) do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e o 41.9 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autorizar a transmisión solicitada, sen prexuízo das restantes autorizacións que, de se-lo caso, corresponda outorgarlle a outros organismos públicos, sempre e cando non variaran as condicións que determinaron a concesión da licenza no seu día.



Segundo.- Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención Municipal, que ascendeu á cantidade de douscentos corenta euros con corenta céntimos (#240,40#) xa ingresada previamente nas arcas municipais.

Terceiro.- Notifíquese, en forma regulamentaria, ao transmitente e ao adquirente.

4º.- Acordo de adhesión ao proxecto *Promoción de la Eficiencia, el ahorro y la calidad energética (PEACE) 2011/2013* da Deputación Provincial

Vista a comunicación recibida da Deputación provincial de A Coruña relativa á presentación do proxecto de Promoción de la eficiencia, el ahorro y la calidad energética (PEACE) 2011/2013 á convocatoria 2011 de axudas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano durante o periodo de intervención 2007/2013 (BOE num.46, do 23 de febreiro de 2011), cuxas grandes liñas se indican na citada comunicación e que ten a súa orixe no Proxecto PEACE que foi presentado aos concellos na reunión celebrada en decembro de 2007 no Pazo de Mariñán de A Coruña.

Considerando o interese que ten este proxecto para o desenvolvemento social, económico e medioambiental deste concello, e en xeral de toda a provincia de A Coruña, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Manifestar a súa adhesión e apoio ao proxecto Promoción de la eficiencia, o aforro e a calidade enerxética (PEACE) 2011/2013 que a Deputación provincial de A Coruña vai presentar á convocatoria 2011 de axudas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano durante o periodo de intervención 2011/2013

2º.- Comprometerse a facilitar a execución e desenvolvemento deste proxecto no seu termo municipal, mediante a posta a disposición dos terreos que fosen necesarios, a obtención das autorizacións administrativas precisas, así como a realización de cantos trámites fosen necesarios ou convenientes de acordo co contido do proxecto.

3º.- Promover a difusión e participación neste proxecto de todos os axentes sociais implicados, así como realizar unha idónea utilización das infraestruturas que se executen no marco deste proxecto, de acordo coas instrucións da Deputación

5º.- Acordo, se procede, sobre devolución de avais

5.1.- Escrito num. 1.845/10 de Obras y Viales de Galicia, S.L

Dáse conta do citado escrito no que don Luís A. García Gutiérrez, en calidade de apoderado de Oviga, S.L, solicita a devolución do aval constituído para responder da execución da obra *Saneamento de Socastro*, incluída no Fondo Estatal de Inversión Local 2009 (FEIL).

Dáse conta asimismo que durante o periodo de exposición pública non se presentaron reclamacións

A Xunta de Goberno acorda proceder á devolución do citado aval.

6º.- Facturas varias



Dáse conta das seguintes facturas:

Quilometraxe, gastos de autoestrada e aparcadoiro do Sr. Alcalde por xestión varias na Deputación en marzo. Importe 46,20 euros

Quilometraxe da funcionaria dona María Canedo do mes de marzo. Importe 28,98 euros

Quilometraxe da apareladora municipal, dona Clara Lema, nos meses de decembro a febreiro. Importe 38,85 euros

Quilometraxe do arquitecto municipal don Fernando Faya dos meses de xaneiro e febreiro. Importe 41,58 euros

Quilometraxe da auxiliar de servizos, dona Belén González, do mes de febreiro. Importe 37,80 euros

Quilometraxe da educadora familiar, dona Carmen A. Sabio, do mes de febreiro. Importe 98,49 euros

Quilometraxe da monitora dona Lucía Sevio Gómez do mes de febreiro. Importe 67,20 euros

Quilometraxe da auxiliar de servizos, dona Montserrat de la Fuente do mes de febreiro por xestións para a festa da camelia. Importe 40,74 euros.

Quilometraxe das auxiliares de axuda no fogar no mes de febreiro. Importe 327,35 euros

Horas extraordinarias da traballadora dona Silvia Couto dos meses de xaneiro a marzo. Importe 934,21 euros

Fondo social (gastos de odontoloxía) da funcionaria dona M^a. Teresa Amenal, segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 300,00 euros

Fondo social (gastos de odontoloxía) da funcionaria dona Ana M^a. Aldrey Pereira, segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 75,00 euros

Asistencias á Mesas de Contratación para a adxudicación de diversos contratos no mes de febreiro. Importe 337,88 euros

Quilometraxe do traballador don Iván García por reunión do voluntariado en Gandario. Importe 41,00 euros

Quilometraxe de dona Lidia Maceira por impartición de taller de abalorios aos maiores. Importe 44,10 euros

Factura num. 10V0888 de Regueiro y Pícolli, S.C - Procuradores por dereitos e suplidos devengados no procedemento ordinario 781/2009 "movemento polos dereitos civil e Xosefina Rosa Guitián". Importe 345,80 euros



Factura num. 1/11 de Xesús Igrexas Botana por honorarios por impartición dun obradoiro de formación de iniciación ás curtametraxes dentro das IV Xornadas de Formación e Mostra Audiovisual, Laboratorio Audiovisual de Vedra LAV 011 organizadas pola Asociación "Seunpeso producións". Importe 600,00 euros

Facturas de Gas Natural por alumeados públicos diversos . Importe 4.382,22 euros

Factura num. 300294 de Hierros Diego, S.L por tubos para obras. Importe 124,09 euros

Factura num. 102/4 E 103/4 de Alquimao, S.L por grupo eléctrico e outros. Importe 273,76 euros

Factura num. 5 de Grupo Acofide, S.C pola prestación de servizos - curso de patinaxe en febreiro. Importe 412,92 euros

Factura num. 8 de Grupo Acofide, S.C pola prestación de servizos - curso de ximnasia en febreiro. Importe 213,12 euros

Facturas nums. P100.919 e M100.127 de Editorial Compostela, S.A por concerto publicidade. Importe 708,00 euros

Factura num. 3/2011 de Fermín González Blanco, S.L do mes de febreiro por redacción plan especial de protección do núcleo tradicional de Ponte Ulla . Importe 2.476,63 euros

Factura num. 273/11 de Gráfica de Asturias, S.L por material de oficina. Importe 34,15 euros

Factura num. 11/3 de José María Freiría Suárez por prestación de servizos de limpeza no mes de febreiro. Importe 3.614,29 euros

Factura num. 01-197 de Puente Ulla, S.L por carburantes para o camión de recollida de lixo no mes de febreiro. Importe 1.599,72 euros

Factura num. 01-198 de Puente Ulla, S.L por carburantes para vehículo. Importe 6,60 euros

Factura num. 32100498 de Automóviles Louzao, S.A.U por arranxos no camión de recollida de lixo. Importe 275,46 euros

Factura num. 2011075 de Electricidad Cruceiro, S.L por mantemento alumeadado público no mes de febreiro. Importe 2.301,06 euros

Facturas nums. U492830 e U492829 de Ricoh España, SLU por mantemento fotocopiadoras das bibliotecas e casa do concello no mes de marzo. Importe 286,09 euros



Factura num. U492829 de Ricoh España, SLU por mantemento fotocopiadora de servizos socias en marzo e abril. Importe 159,38 euros

Factura num. CT15000273 de Correos e Telégrafos do mes de febreiro. Importe 511,84 euros

Listado de recibos de Gas Natural S.U.R SDG, S.A correspondentes a alumeados públicos en xaneiro. Importe 4.382,22 euros

Taxas da Comunidade Autónoma por compra de papel numerado para libros de actas e Resolucions da Alcaldía. Importe 60,00 euros

Gastos de viaxe en autobús de voluntario de protección civil don Manuel González Penido de agosto/2010 a marzo/2011. Importe 51,50 euros

Facturas de Telefónica de España, S.A.U do mes de febreiro. Importe 1.374,60 euros

Nota de aboamento de Telefónica de España, segundo acordo comercial. Importe -1.161,77 euros.

Factura de Unión Fenosa Comercial, S.A correspondente á gardería municipal no mes de febreiro. Importe 258,18 euros

Factura de Unión Fenosa Comercial, S,A correspondente á depuradora de San Xán do mes de febreiro. Importe 856,00 euros

Factura de Unión Fenosa Comercial, S.A correspondente ao Pavillón Municipal no mes de febreiro. Importe 801,89 euros

Factura de Unión Fenosa Comercial, S.A. correspondente ao CPI de Vedra no mes de febreiro. Importe 1.193,15 euros

Factura de Unión Fenosa Comercial, S.A correspondente á Casa do Concello no mes de febreiro. Importe 432,98 euros

Factura de Unión Fenosa Comercial, S.A correspondente ao campo de fútbol de San Mamede de Ribadulla en xaneiro e febreiro. Importe 667,73 euros

Factura de Unión Fenosa Comercial, S.A correspondente á piscina municipal en febreiro. Importe 84,42 euros.

Factura de Gas Natural correspondente ao CEIP de Ortigueira no mes de febreiro. Importe 77,29 euros

Recibo de Catalana de Occidente, S.A correspondente á retroexcavadora. Importe 250,00 euros



Recibo de Mafre Familiar, S.A correspondente ao seguro do voluntariado. Importe 155,60 euros

Rcibo de Digital + Canal Fútbol na Casa da Terceira Idade no mes de marzo. Importe 50,27 euros

Recibo de La Voz de Galicia, S.A por suscripción ao xornal no mes de febreiro. Importe 30,00 euros

Factura num. 0092053899 de Siemens Renting, S.A por alugamento da fotocopiadora de urbanismo no mes de febreiro. Importe 558,32 euros

Gastos de comidas dos membros de Protección Civil. Importe 16,50 euros

Recibos por acopio de alimentos para o servizo de madrugadores. Importe 34,17 euros

Recibos por gastos diversos para a ludoteca municipal. Importe 27,23 euros

Recarga de móbil de auxiliar do SAF. Importe 10,00 euros

Factura SPA/15408/2011 de MC SPA Sociedade de Prevención, S.L por concerto prevencia técnica e vixiancia da saúde no mes de febreiro. Importe 340,21 euros

Factura num. U444620 de Ricoh España, SLU por copias da fotocopiadora de servizos sociais en decembro, xaneiro e febreiro. Importe 97,02 euros

Factura num. SN/2011/000004891 de GY J España Ediciones, S.L por renovación da suscripción GEO. Importe 33,60 euros

Factura num. F 1.931 de Plásticos Santi, S.L por agasallos para premios do entroido. Importe 180,69 euros

Factura num. 95001016 de Fornecementos Galegos, S.L por copias realizadas na fotocopiadora nos meses de xaneiro e febreiro. Importe 1.031,30 euros

Factura num. 100.190 de Cotelga por material hixiénico. Importe 122,72 euros

Factura num. 3011000072 de Maquinaria Agrícola del Noroeste, S.L por arranxos na desbrozadora. Importe 358,78 euros

Factura num. 01251134 de Adif por alugamento da estación de ferrocarril de Santa Cruz no mes de marzo. Importe 398,80 euros

Tickets de Puente Ulla, S.L por gasto efectuado por dona Eugenia Clara García como gañadora do concurso Vedra ao descuberto. Importe 100,00 euros

Premios en metálico Entroido 2011. Importe 1.480,00 euros



Gastos da excursión ao entroido de Cobres (Pontevedra), con cargo ás achegas dos participantes. Importe 880,00 euros

Recibí de José Luís Mosquera Freire por actuación musical no entroido 2011. Importe 400,00 euros

Facturas de Telefónica Móviles España, S.A do mes de febreiro. Importe 860,08 euros

Recibo de Catalana de Occidente, S.A correspondente ao seguro da casa do concello. Importe 763,39 euros

Recibí de Catalana de Occidente, S.A correspondente ao seguro de varios locais municipais. Importe 1.817,47 euros

Recibí de Catalana de Occidente, S.A correspondente a varios locais municipais. Importe 1.092,69 euros

Factura num. 40 de Rúas Magazine - M^a. Elvira Norat Deza por inserción anuncios na revista sobre entroido 2011 e festa do viño. Importe 472,00 euros

Factura num. A 254 de Autocares Mougán, S.L por servizo de autobús á estación de San Isidro, organizada polo departamento de cultural, con cargo a achegas dos participantes. Importe 1.560,60 euros

Factura num. 5626201168000172 de Probisa por mezcla bituminosa para bacheos. Importe 2.294,30 euros

Factura num. A-70 de José Carlos Barreiro García por servizo desratización no CPI e Pavillón municipal. Importe 767,00 euros

Facturas varias por gastos de aloxamentos, comidas e outros con motivo das IV Xornadas LAV. Importe 1.571,09 euros

Factura num. 110406 de Portomedica por material para o servizo de fisioterapia. Importe 36,69 euros

Facturas nums. 2011036 e 2011037 de Electricidad Cruceiro, S.L por traballos diversos en dependencias municipais nos meses de decembro e xaneiro. Importe 622,18 euros

Factura num. 2011041 de Electricidad Cruceiro, S.L por colocación do alumado de nadal. Importe 4.425,00 euros

Factura num. 214 de José Manuel Segade Fernández por traballos no velatorio de San Pedro de Sarandón. Importe 1.869,12 euros

Factura num. 221 de José Manuel Segade Fernández por traballos nos vestuarios do campo de fútbol de San Mamede de Ribadulla. Importe 1.272,04 euros



Factura num. 220 de José Manuel Segade Fernández por traballos na casa da concello. Importe 121,54 euros

Factura num. 20 de Aluminios Vedra -Jaime Gómez Souto y otro, S.C por fabricación e colocación de mampara para vestiarios do campo de fútbol de San Mede. Importe 893,26 euros

Factura num. 129 de Vda. Parada y J. Alvela, S.L por plátanos para a ruta da btt da camelia. Importe 85,80 euros

Factura num. 00117-11 de Construcciones Boqueixón, S.L por ampliación da rede de saneamento en Vilanova. Importe 4.117,02 euros

Factura num. 00116-1 de Construcciones Boqueixón, S.L por ampliación da rede de abastecemento de auga en Ponte Ulla. Importe 1.742,51 euros

Factura num. 5626201168000136 de Probisa por mezcla bituminosa para bacheos. Importe 2.077,06 euros

Facturas nums. 65 e 66 de Socysder (Coesco-Deza, S.L) por servizos de axuda no fogar prestados en febreiro. Importe 5.652,99 euros

Factura num. 11/48 de Maqui.car Maquinaria, S.L por alugamento de pisón. Importe 221,84 euros

Factura num. 200 de Vidrieras Compostela, S.L por cristais. Importe 46,83 euros

Factura num. 102/9 de Pazos y Vieiro, S.L por vestiario para protección civil. Importe 82,30 euros

Facturas nums. 18 e 19 de Manuel Gamallo y otro, S.C por materiais para a brigada de obras. Importe 737,05 euros

Factura num. 201100019 de Manuel Botana Granja por materiais diversos. Importe 655,97 euros

Facturas nums. 2290 e 2291 de Asvetrans, S. Coop. Galega por transporte de áridos no mes de febreiro. Importe 525,10 euros

Factura num, 1110 de Droguería -Ferreteria El Sol por materiais diversos. Importe 141,31 euros

Factura num. 2011/0517 de Sogama por tratamento dos residuos sólidos de Vedra no mes de febreiro. Importe 6.787,18 euros

Factura num. 7170036502 de Ofiservice por toner e outros. Importe 257,95 euros



Factura num. 310.093 de Artes Gráficas Litonor por folletos e carteis para o entroido 2011. Importe 442,50 euros

Facturas nums. 310.046 e 310.097 de Artes Gráficas Litonor por boletín dos meses de xaneiro e febreiro. Importe 1.019,76 euros

Factura num. 500 de Compostela Digital, S.L por traballos nos equipos informáticos da casa do concello. Importe 491,65 euros

Facturas nums. 31/1469, 31/1539, 31/1549 e 31/1635 de Ulla Oil, S.L por gasóleo de calefacción para a biblioteca, casa do concello e casa da terceira idade. Importe 3.527,24 euros

Factura num. 31/2012 de Ulla Oil, S.L por acopio de gasóleo bonificado para os tractores municipais. Importe 1.268,08 euros

Factura num. 060/11 de Talleres y Repuestos Barco, S.L por repostos para a maquinaria municipal. Importe 202,89 euros

Factura num. 11/00191 de Sapa cont. y serv. S.L por retirada de lixo no punto limpo. Importe 644,54 euros

Factura num. 11/97 de Maderas Lata por barrotes de pino para a brigada de obras. Importe 112,10 euros

Facturas nums. 0082/E11, 0114/E11, 0120/E11, 0122/E11, 0121/E, 0123/E11, 0123/E11 e 0124/E11 de Talleres San Fins, S.L por arranxos na maquinaria municipal. Importe 2.202,50 euros

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas

7º.- Dar conta de Resolucíons da Alcaldía

7.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data sete de marzo do ano que andamos, pola que en relación co expediente relativo á reposición da legalidade instruído respecto das actuacións en curso de execución consistentes na construción de peche de parcela en Bazar -Trobe, promovidas por don Julio Ponte Garea, ordénase a demolición das obras executadas ata o momento no prazo de un mes xa que os actos son incompatibles co planeamento urbanístico.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

7.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data sete de marzo do ano que andamos, pola que en relación co expediente de recuperación de vial municipal ocupado en Argunte por un poste de viña dunha finca propiedade de don José Alvela Fernández e dona M^a. Pilar Rey Álvarez, arcódase archivar as actuacións practicadas ao terse recuperado a posesión do vial coa retirada do poste que o invadía.

A Xunta de Goberno dáse por enterada



7.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data oito de marzo do ano que andamos, pola que se ordena a don Gonzalo Morgade Barreiro para que no prazo de un mes proceda á limpeza dunha parcela sita en Sol -Santa Cruz de Ribadulla, que se atopa invadida de maleza e en estado de abandono.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

7.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data oito de marzo do ano que andamos, pola que se ordena o arquivo das actuacións practicadas no expediente tramitado con respecto a dona Teresa González del Valle en calidade de propietaria da parcela en Calzande -San Xián de Sales, ao terse procedido á limpeza e acondicionamento da mesma.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

7.5.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data once de marzo do ano que andamos, pola que se asina o compromiso de participación no Pacto Provincial para o Fomento do Emprego Responsable na provincia de A Coruña e se acepta a implicación deste concello no deseño e posta en marcha do Plan de Acción Provincial polo Emprego, encamiñado da acadar os obxectivos establecidos no pacto.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

7.6.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data once de marzo do ano que andamos, pola que se lle adxudica a Vázquez Garzón, S.L o contrato de arrendamento do vehículo lavacontedores por procedemento negociado sen publicidade, no prezo de seis mil novecentos sesenta euros (#6.960,00#)

A Xunta de Goberno dáse por enterada

8º.- Outros asuntos

8.1.- Solicitud de tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida

Dáse conta do escrito num. 408/11 no que dona Florinda Otero Balado, con domicilio en Viño grande -Illobre, expón que ten unha porcentaxe de minusvalidez do 90% segundo certificado emitido polo Equipo de Valoración da Xunta de Galicia, que reduce a súa mobilidade para utilizar transporte normalizado, polo que solicita que se lle expida tarxeta de aparcamento, segundo modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000 que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

8.2.- Contrato marketing con Editorial Compostela, S.A

Dáse conta do convenio asinado entre este concello e Editorial Compostela, S.A para o desenvolvemento dunha campaña de marketing en prensa, consistente na inserción de anuncios publicitarios en El Correo Gallego

para promocionar o concello ou aquelas actividades que este poña en marcha cun total de 60 módulos de publicidade, e máis 80 módulos de publicidade en Tierras de Santiago, por un importe total de tres mil cincocentos corenta euros. (#3.540,00#), IVE engadido.



A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado convenio.

Conclúe ao fio das vinte e dúas horas e dez minutos

